



Biblioxornal

B O L E T Í N D O E Q U I P O D A B I B L I O T E C A

Un verán de vacacións e lecturas

Remata outro curso académico, remata o tempo das lecturas obrigatorias. Chegan as degoira-das vacacións estivais, época moi acaída para gozar das lecturas por pracer; tempo para ler sen ataduras. Se xa escolliches as túas lecturas, adiante! Se andas na súa procura, velaquí esta pequena guía, busca nela, tes un variado abano, atopa o que máis se adapta aos teus gustos e desbota o fastío coa axuda dun entretido libro. Mais, como non todo vai ser ler, queremos aproveitar tamén para desexarvos un reparador descanso que encha os vosos corpos e as vosas mentes de renovados folgos para afrontar con éxito un próximo setembro de volta ás aulas. Boas vacacións e boas lecturas!



BAÑOS DE COS, José Luís, *Fóra de xogo*, Galaxia, Vigo, 2024, 132 pp.

En Kabul, Zainab, unha nena de dez anos, ten un gran segredo: xoga ao fútbol ás agachadas nun recanto do patio despois das clases. Alí coñece a Sahraa, coa que compartirá a súa gran paixón e á que lle ensinará as regras do xogo. Pero teñen que ter moito coidado, as aguias e os señores corvos poden descubrirlas. *Fóra de xogo* narra a historia dunha amizade, reivindica o dereito das nenas a través do deporte e os soños compartidos nunha situación discriminatoria e de desesperanza.

CALVO, Gloria A. et alii, *Puberdade en marcha*, Kalandraka, Pontevedra, 2024, 64 pp.

Unha guía esencial, ilustrada por Martina Trach, para todos os que comezan a etapa da puberdade escrita con claridade e rigor por tres profesionais novas comprometidas coa educación sexual integral, cun estilo fresco e amigable para axudarlles a entender o que lles está a pasar. Aborda temas como a menstruación, a masturbación, a reprodución, a toma de decisións, as relacións interpersoais, os ideais de beleza e a seguranza en Internet, buscando a súa desmitificación e normalidade.

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/puberdade-en-marcha-q>




CHAN, Alba, *Idol!*, Xerais, Vigo, 2024, 72 pp.

Vega e Ámbar son dúas adolescentes que deciden concursar en «Idol!», un «talent show» onde un grupo de rapazas probarán sorte para tentar convertérense en estrelas da música. Pero non vai ser nada doado. A Vega, a súa familia púxolle como condición manter a media de sobresaliente no instituto. Ámbar, pola súa banda, ten que enfrontarse a unha realidade moi diferente: os seus pais non lle dedican a atención que precisa e non acaba de encaixar no molde das «Idol» como lle gustaría.

COSTAS, Leticia, *Pel de cordeiro*, Xerais, Vigo, 2024, 344 pp.

Catarina pertence a unha estirpe de bruxas. Herda da súa avoa o oficio e afonda nos segredos das plantas medicinais. Críase nunha consulta a que acoden todo tipo de doentes. Nos últimos anos da Inquisición, no medio da fame e a miseria, elas son o máis semellante a un doutor que existe en Merlo, pero cunha diferenza: son necesarias pero tamén odiadas. Lola é unha muller do século XXI que atravesa unha crise persoal. Entra en contacto cunhas forzas que non comprende. A ruptura coa súa parella, as súas dúbidas sobre a maternidade e o desbloqueo de recordos que tiña esquecidos provócalle un colapso. Leticia Costas afonda no despertar sexual, na violencia e na maxia con grandes doses de fantasía. Unha novela hipnótica, que explora o erotismo e a escuridade e nos envolve nunha atmosfera tan terrible como preciosa. https://www.xerais.gal/primer_capitulo/pel-de-cordeiro.pdf






ESTÉVEZ LÓPEZ, José, *Minia, amor doe*, Toxosoutos, Noia, 2024, 250 pp.
O peor dos malos tratos é normalizalos, convertelos en habitables, ver esa relación tóxica como unha relación natural, coa que hai que lidar na cotiandade. O feito de non se recoñecer coma unha vítima. “Por fin cortei as cadeas, por fin escapei do xugo dun matrimonio que acababa coa miña saúde física e mental. De verdade, facédeme caso, nunca é tarde para tomar unha decisión deste tipo a facer as reparacións e reformas necesarias”

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Raquel, *Contas de buxo*, Galaxia, Vigo, 2024, 142 pp.

Lara é unha boa alumna que nunca dá problemas, mais iso muda cando abandona Gondomar e sobe a un autobús sen lle dicir a ninguén a onde vai. Tras dela, un desengano amoroso, os silencios da súa familia e un león que, sen descanso, a persegue nos seus pesadelos. Sen saber moi ben como, Lara remata en Ribadeo, unha vila unida estreitamente a aquel último verán que compartiu coa súa nai antes de que esta a abandonase. Dende alí, coa axuda do seu curmán e, ao mesmo tempo que a familia e a policía a buscan, irá debullando un pasado descoñecido e arrepiante para ela. A moza, coa praia das Catedrais de fondo, pronto comprenderá que as verdades a miúdo non o son tanto como parecen.




GENDRY-KIM, Keum Suk, *Herba*, Rinoceronte, Cangas, 2024, 480 pp.

Durante a ocupación nipoa de Corea, un dos episodios máis escuros da historia do país, a moza Okseon viuse convertida, como moitas outras mulleres coreanas, en “muller de conforto”. Esta novela gráfica conta como esta rapariga chegou a unha base aérea chinesa para converterse en escrava sexual para as tropas do exército imperial nipón, como sobreviviu, cunha admirable resiliencia, e como a súa actitude serviu de exemplo. A debuxante Keum Suk Gendry-Kim entrevistou a “avoá” Lee Okseon na residencia de anciáns onde vivía e plasmou, cunha gran sensibilidade, a súa experiencia nesta obra.

HONTORIA, Alberto, *Os imitadores*, Hércules, A Coruña, 2024, 72 pp.

Invertendo a relación entre as sombras e os corpos que as proxectan, este conto presenta un universo no que as primeiras son seres autónomos e pensantes, mentres que as persoas non son máis que os seus reflexos. Tanto é así que as sombras chaman aos humanos “imitadores”, pois, dende o seu punto de vista son criaturas que están sempre ao seu lado copiando todo o que fan. O intercambio de papeis e de perspectivas entre humanos e sombras permite reflexionar sobre cuestións complexas como a identidade, a autonomía, a orixinalidade, o mito platónico da caverna, o ying e yang ou o control político a través do medo.



IGLESIAS, Bieito, *Unha gripe cabaluda*, Aira Editorial, Allariz, 2024, 104 pp.

Relato humorístico e novela negra combínanse desta narración na que o inspector Benito Maraño volve ás rúas desertas polo confinamento da «gripe cabaluda» que afectou ao mundo no 2020. Desta volta o retranqueiro policía terá que investigar a misteriosa morte dunha moza de quince anos, nun caso que non é o que parece.

https://airaeditorial.gal/wp-content/uploads/2024/02/extracto_unha_gripe_cabaluda.pdf

ISORNA, Fausto, *Camiño de Santiago. As aventuras xacobeas de Simón Martel*, El Patito Editorial, Compostela, 2024, 48 pp.

Simón Martel pon as botas e colle a mochila para vivir unha dobre aventura no Camiño de Santiago: do Cebreiro a Compostela e de alí a Fisterra e Muxía, na compañía dos seus inseparables amigos e novos personaxes que lle irán mostrando que este itinerario é moito máis que unha vía de peregrinación.



LOSADA, José Ricardo, *Un inferno frío*, Toxosoutos, Noia, 2024, 126 pp.

Novela baseada en feitos da vida e morte do crego poeta Faustino Rey Romero.

Don Faustino, un peculiar crego humanista, morre en estrañas circunstancias na parroquia bonaerense da Balvanera nun contexto de forte represión política nunha ditadura militar. A comunidade galega en Bos Aires está conmocionada, sobre todo cando comeza a impoñerse a evidencia de que o crego foi asasinado polas súas ideas políticas. Castelao e Virxinia, que tiñan unha recente pero intensa relación con el, deciden investigar pola súa conta, coa prudencia que esixe o seu rol de exiliados aos que lles permitiron entrar no país a condición de que pasasen desapercibidos. Xóganse a súa expulsión do país ou, incluso, a súa propia vida.

MOREIRAS, Ana, *Xaora*, Aira Editorial, Allariz, 2023, 144 pp.

Novela gráfica protagonizada por Virxinia. As súas dores físicas e as súa feridas emocionais tráena sen azos, buscando respostas para as grandes preguntas ás que se quere enfrontar como adulta. A visita da pantasma da súa avoa, vitalista, descarada, feliz por recuperar o vizo da mocidade, axudaraa a comprender que é o realmente importante, valioso e auténtico.

https://airaeditorial.gal/wp-content/uploads/2023/11/extracto_xaora.pdf

**NARLA, Francisco, *Onde ouvean os montes*, Aira Editorial, Allariz, 2024, 192 pp.**

A historia dun amor e dunha vinganza. Unha historia sobre o poder e sobre o imposible. Unha historia sobre o final da República romana desde un punto de vista moi orixinal. Unha novela de aventuras onde a pulsión da natureza se enfronta á ruindade humana. Cazadores e presas nun relato que te vai deixar sen respiración.


https://airaeditorial.gal/wp-content/uploads/2024/04/extracto_oude_ouvean_os_montes.pdf

ÓNEGA, Sonsoles, *As fillas da criada*, Aira Editorial, Allariz, 2024, 424 pp.

Unha saga familiar sobre a rebeldía das mulleres contra o seu destino que tamén é un fresco da Galicia que mirou cara ao mar na busca de sustento e progreso.

Corre o mes de febreiro do ano 1900 cando no pazo do Espírito Santo, en Punta do Bico, á beira do Atlántico e á vista das illas Cíes, nacen ao mesmo tempo dúas nenas: Catalina e Clara, fillas de dona Inés, a señora, e de Renata, a criada, respectivamente. Os pecados dos pais marcarán as súas vidas, testemuñas do convulso século.

https://airaeditorial.gal/wp-content/uploads/2024/04/extracto_as_fillas_da_criada.pdf


**OVEJERO, José, *Tres contos para nenas malas*, Aira Editorial, Allariz, 2024, 72 pp.**

As nenas protagonistas destas historias demostran ser posuidoras dun grande enxeño e valentía para esquivar os problemas que lles pon diante a vida. O texto de José Ovejero e as ilustracións de Miguel Robledo conducen a un universo cheo de humor e crítica social arredor de temas como o patriarcado, a monarquía ou o capitalismo.

https://airaeditorial.gal/wp-content/uploads/2024/02/extracto_tres_contos_para_nenas_malas.pdf

PERES VIGO, Alexandre, *Galaicofobia*, Galaxia, Vigo, 2024, 190 pp.

Un documentado ensaio sobre o odio ou desprezo por todo o vinculado con Galicia, os seus habitantes, a súa lingua e a súa cultura. Dúas fobias documentadas na literatura española dende finais do século XV, lendas negras de desprezo, insultos e inxustizas antigaleguistas con séculos de historia. "Gallegueces" ("antes puto que gallego", "Galicia rabo de Castilla", "monstros galicianos", "coz gallega", galego "roñoso" e "mozo de cuerda", "pobo atrasado e arcaico", "gallego el último"...), denunciadas e combatidas especialmente na primeira metade do século XX polo pensamento nacionalista galego como expresión da supremacía do centralismo madrileño, con toques xenófobos e inequivocamente racistas, mais que a pesar diso perviviron nas pantallas do cinema e da televisión dos noventa e chegan aos nosos días filtrándose por *memes* que actualizan os tópicos e estereotipos negativos de sempre.







REY, Cristina, *A fuxida*, Baía Edicións, A Coruña, 2024, 168 pp.

Unha novela de protagonismo feminino que incide na necesidade dos lazos de sororidade para enfrontar as situacións máis difíciles da vida dos personaxes e tamén un alegato contra o racismo. Narración que conta a historia de Sumailla e a súa familia andina, unindo a a historia colonial e a realidade da emigración galega desde unha visión crítica, abordando cuestións como a desigualdade social, o abuso de poder, a familia ou a amizade.

SACO PÉREZ, Fernando, *As matemáticas máis sorprendentes*, Xerais, Vigo, 2024, 160 pp.

Ás veces os resultados matemáticos chocan coas nosas ideas intuitivas previas e causannos sorpresa, admiración e asombro. Neste libro atopamos curiosas respostas a moi variadas cuestións, entre as que figuran a estatística, as xeniais ideas de Cantor sobre o concepto de «infinito» ou as máximas e máxicas solucións de Euler a moitas «series numéricas». No «Epílogo» faise un percorrido pola historia das matemáticas, con acontecementos destacados, controversias, fitos, anécdotas, ou breves biografías singulares, que fan atraente a lectura desta obra.



SENDÓN, Olaia, *Nave*, Xerais, Vigo, 2024, 296 pp.

Néboa fixo dezaseis anos hai pouco e abúrese mortalmente na clase do profesor Nogueira. Tampouco pode deixar de pensar en que lle acontecería a Noite, a súa amiga que acaba de morrer. Polo demais, a vida de Néboa é moi normal, ou todo o normal que pode ser a vida de alguén que naceu nunha nave espacial e forma parte dos últimos cen mil superviventes da raza humana.

THOMPSON, Kate, *La biblioteca de las lectoras valientes*, Maeva, Madrid, 2023, 424 pp.

Emocionante novela, baseada en feitos reais, sobre unha biblioteca subterránea en Londres durante a Segunda Guerra Mundial. Unha declaración de amor aos libros, ás bibliotecas e ás historias que sosteñen a esperanza nos momentos máis difíciles. East End, Londres, 1944. Clara Button non é unha bibliotecaria calquera. Mentres o mundo segue en guerra, Clara creou a única biblioteca subterránea do país, construída sobre as vías da estación de metro en desuso de Bethnal Green. Alí abaixo prospera unha comunidade secreta con miles de liteiras, unha gardería, unha cafetería e un teatro que ofrecen refuxio, calidez e distracción fronte ás bombas que caen no exterior. Xunto coa súa glamurosa mellor amiga e axudante, Ruby Munroe, Clara asegúrase de que a biblioteca sexa o corazón palpitante da vida subterránea. Pero, a medida que a guerra se dilata, a determinación das amigas de manterse fortes ante a adversidade ponse a proba cando periga a vida dos seus seres máis queridos.



<https://www.maeva.es/repositorio/lecturas/inicio-la-biblioteca-de-las-lectoras-valientes.pdf>





TORO, Suso de, *O segredo de Joseph Haydn*, Xerais, Vigo, 2024, 112 pp.

Narración dun episodio descoñecido até o momento da biografía de Joseph Haydn: un desvío da ruta que o levaba a Londres e que lle permitiu coñecer Galicia. Haydn descobre a nosa gastronomía, a nosa lingua, a música que se tocaba naquel momento en Compostela, e tamén deixa a súa influencia nos músicos do momento. Un acontecemento que imprimiu unha pegada sentimental na memoria do gran compositor. Todo o que relata Suso de Toro está avalado por documentación da época, agás a propia visita do músico, da cal non hai constancia certa.

VIZNER, José Antonio, *Lo que la economía esconde. Claves para entender el mundo que nos rodea*, Editorial Deusto, 2024, 256 pp.

Servíndose de clarificadores gráficos e explicacións, *Lo que esconde la economía* repasa temas candentes como as guerras comerciais entre China e Estados Unidos na segunda Guerra Fría, o papel de Europa nun contexto de crise enerxética e transición ecolóxica ou a disrupción da intelixencia artificial.

Vizner presenta este libro co propósito de continuar coa tarefa orixinaria do xornalismo como cuarto poder: a de descubrir as verdadeiras razóns que hai detrás dos acontecementos económicos e dos grandes desafíos aos que nos enfrontamos na economía española, europea e mundial, para que así poidamos tomar as nosas decisións económicas contando con toda a información dispoñible. Inicia a súa lectura premendo [aquí](#).



ZEROCALCARE, *A profecía do armadillo*, Rinoceronte, Cangas, 2024, 156 pp.

Chámaselle profecía do armadillo a calquera previsión optimista fundada en elementos subxectivos e irracionais tomados como lóxicos e obxectivos e destinada a alimentar decepción, frustración e lamentacións eternas. A trama desta novela gráfica é aparentemente sinxela: o autor e a súa conciencia, representada por un armadillo xigante, viven nunha espiral de recordos ante a noticia da insidiosa morte de Camille, amiga da infancia e primeiro amor de Zerocalcare. En parte retrato xeracional, repleto de eferencias á cultura popular, e en parte tratado de psicoloxía suburbana, *A profecía do armadillo* é unha crónica agridoce sobre as ocasións perdidas, repleta de humor e de culpa, tan delicada como cruel á hora de desenmascarar as debilidades propias... que non deixan de ser as de todos.